

IV Plan de Rescate [TR700A]

Persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19



Persoas beneficiarias

Aberto o prazo ata o
29 de novembro

→ Persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar por conta propia e profesionais mutualistas en réxime de estimación obxectiva.

→ Persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar por conta propia, profesionais e empresas que teñan unha caída do volume de operacións anual declarado de máis dun 30% no ano 2020 respecto do ano 2019.

→ Persoas traballadoras autónomas de tempada, sempre que continúen coa súa actividade, aínda que non estean de alta no momento de presentación da solicitude e estiveran de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses no 2019 ou 2020.

→ Persoas traballadoras autónomas dadas de alta entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020 e empresas creadas ou que tiveran realizado una modificación da súa estrutura entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020.



Excepcionalmente terán a consideración de beneficiarias:

As entidades que tiveran un resultado negativo na base imponible no imposto de sociedades correspondente ao 2019 cando, na dita declaración, cumpran dúas das tres condicións seguintes:

- Ter fondos propios superiores á metade do capital,
- Ter un activo total igual ou superior a 1,5 veces o pasivo total,
- Ter un activo corrente igual ou superior ao pasivo corrente.

As persoas físicas que tributando en estimación directa no IRPF no ano 2019 obtiveran un resultado positivo nas declaracións do 2017 e 2018.

Non poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas, profesionais ou empresas que foran beneficiarias dos importes máximos establecidos no Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo (isto é, 3.000 € ou 200.000 €) das axudas do III Plan rescate da Xunta de Galicia ou superasen o máximo do 40% ou 20% fixado polo Estado no art. 3.2-b do RD-l 5/2021.



Requisitos das persoas beneficiarias

→ Ter realizado durante 2019 e 2020 algunha actividade económica non financeira e continuar exercéndoa no momento da solicitude.

→ Ter cantidades pendentes de pago a provedores ou acredores, financeiros e non financeiros, ou ter incorrido en custos fixos, incluídas as perdas contables, sempre que se xerasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

→ Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas tributarias e á Seguridade Social e das obrigas por reintegro de subvención ou axudas públicas.

IV Plan de Rescate [TR700A]

Persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19



Gastos subvencionables

Novidade!
Compensación de
custos fixos

A persoa beneficiaria debe destinar a axuda **obrigatoriamente conforme a seguinte secuencia:**

- 1º Ao **pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros**, pendentes a 30 de setembro de 2021 procedentes de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, **por orde de antigüidade**, aínda que xa estivese realizado na data de presentación da solicitude,
- 2º A **reducir a débeda con acredores financeiros**, primando a redución da débeda con aval público
- 3º E no caso de que **exista remanente pendente de aplicación:**
 - á **compensación de tódolos custos fixos do 2020 en que se incorrese, incluídas as perdas contables propias da actividade empresarial**, sempre que se xerases entre o 1 de marzo e o 31 de decembro de 2020 e
 - á **compensación de tódolos custos fixos do 2021** incorridos entre o 1 de xaneiro a 30 de setembro de 2021, incluídas as perdas contables **sempre que teñan o exercicio económico pechado.**



Contía da axuda

Persoas empresarias ou profesionais que apliquen o réxime de estimación obxectiva IRPF no ano 2019 e/ou no ano 2020

3.000 €

Resto de persoas empresarias, profesionais e empresas, a axuda non poderá superar ningún dos seguintes importes:

A axuda mínima será de **4.000€**

1º Importe máximo

200.000 €

2º Empresarios e profesionais así como entidades e establecementos permanentes que teñan **10 ou menos persoas empregadas**

40% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019

3º Entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan **máis de 10 persoas empregadas**

20% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019

4º O importe dos gastos subvencionables

Os importes serán o 50% das cantidades indicadas para as persoas autónomas de tempada

Os gastos subvencionables deberán ser de importe igual ou superior á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda nunca poderá ser superior aos ditos gastos subvencionables.